

AS NOSAS PALABRAS PRESTAN !

- Maio do 2009 -
(Versión 0.1 pre alfa pendiente de revisión e corrección)

Listaxe de palabras recollidas da zona polo alumnado e as súas familias e polo profesorado do CPI Dr. Daniel Monje de Navia de Suarna.

Participantes: todo o alumnado de E.P e da ESO en xeral e en particular: Xiana Mallo Fernández, Noelia González Fernández, Ángela e Ismael Álvarez López, Luís Álvarez López, Alberto López Gómez, Marta Pasarín Rodríguez, Silvia Saavedra Fernández, Nerea Fernández Pérez, José Manuel Fernández, Kevin Rellán, Inés Pérez Rellán, José López Fenández, Raquel González, Julia Díaz, Estrella Díaz Álvarez, José Yáñez López, Fernando Martínez Yáñez, José Prado Bernedo, Concha Reigosa, Margarita,....

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CPI Dr. Daniel Monje – Navia de Suarna

ABARRELAR	Abanar o barrelo ou berce para tranquilizar ou facer durmir os nenos. SIN: abalar, abanar, arrolar
ACERRIQUITAR	Provocar irritación, enfurecemento ou ira no ánimo dunha persoa ou animal, ata chegar ao límite da agresión. SIN: enfurecer, irritar.
ACUBILLAR	Abrigar algo ou a alguén, prestar axuda. SIN: arroupar, acoller, auxiliar, abrigar
ADIVAL	Luria, trello, cabestro, sedeño. Corda gorda e longa que se emprega para atar ou suxetar algo.
ADRAL	Táboas de madeira que van arredor do carro.
AFALAR	Estimular o gando mediante voces ou coa aguillada para que faga algo. SIN: aguillar, aguilloar, falar
AGUILLADA	Pau longo aguzado que se utiliza para afalar os animais.
ALACENA / LACENA	Armario con estantes nos que adoita colocar a louza ese gardan alimentos e outros obxectos
ALFAIA	Adorno persoal feito con pedras ou metais preciosos. Calquera cousa de moito valor. SIN: xoia
ALINDAR	Levar as vacas pacer e coidar delas.
ALORIAS	Chistes, bromas,
ALOUMIÑAR	Dar ou facer caricias, afagos e aloumiños. SIN: acariciar, acariñar, agarimar, afagar.
ALPABARDA	Na zona é empregado coma un insulto.
ALUMADOR	Lámpada na que se colocaban os ganzos
AMALLOIS	Cordóns dos zapatos
AMORGALLAR	Tocar unha cousa moitas veces.
ANGARILLAS	Aparello para poñer a carga dos cabalos
ANGAZO	Utensilio formado por un mango longo e delgado, cruzado nun dos seus extremos por unha travesa, en forma de peite, armada de dentes de madeira ou ferro, que serve para xuntar ou recoller palla, herba, estrume e broza. SIN: anciño, rastro.
ANGORDE / ENGORDE	Con coidado, a modo, devagar, paseniño, con lentitude.
ANTOLA	Fogueira na que se queimaban os restoballos do monte cando se estaba a cavar. Xuntar as tolas ou moreas de terróns, restobas e maleza e que se empregaba como fertilizante.
APELAR	Tocar as campás cando hai un defunto na parroquia. (A Pontenova)
ARCOXO	Aparello que serve para meter a punta do arado no xugo. Obxecto que se pon as vacas na pata para se deixen muxir. Obxecto similar ao loro pero de ferro.
ARÉNGOLAS	Tonterías
ARGADELO	Pau no que se apoiaban as urdidoiras.
ARGANA	Argueiro, partícula minúscula que se mete nun ollo e produce molestias.
ARGUEIRO / ALGUEIRO	idem
ARICAR	Labrar superficialmente un terreo para sacarlle as herbas. Arar as patacas cando xa están nacidas. SIN: cavar
ARREGAZAR	Arremangarse, recoller a saia ata o van para suxeitala.
ARRELLAR	Arredar unha cría dun animal da súa nai para que non siga mamando.
ARRITAR	eructar
ARROGAÑAR	cando se morde algo deixalo todo desfreado. ten a carne toda arrogañada.
ÁS CONCADAS	
ASUBELAR	Montar unha vaca. No dicionario ven con este significado: Facer un burato no coiro ou nun tecido semellante coa axuda dunha subela.
ASUCAR	Facer sucos ou regos na terra. SIN: labrar, cavar, sucар
ATAFAL	Corda para suxeitar a “silla” de montar. Banda que suxeita a sela ou albarda ás ancas da cabalaría, pasando Por debaixo do rabo.
ATAPUXAR	Empuxar
ATOAR	Obstruír un conduto ou vía dificultando a condución dun fluído. SIN: atascar, atuír, obstruír, obturar, ocluír, atrancarse, atuírse, obstruírse.
ATOLANDRAR	Enxordecer ou axordar. Espantar. SIN: aturdir
ATOLDAR	Toldarse, cubrirese o ceo. SIN: anubrarse, cubrirese
ATORGAR	Atragantar

ATRAPANAR	Cando se nubla a vista.
ATROUSAR	Xuntarse trousos ou moreas de neve cando esta cae abundantemente. Acumularse a neve nos camiños abrigados do aire.
AVANTAR	Andar a presa e sen equilibrio. Perder o equilibrio. Saltar por riba dalgo. SIN: saltar, achancar, alancar, azancar, desequilibrarse, adiantar, avanzar, progresar.
AVELAIÑA	Insecto. Bolboreta de hábitos nocturnos que se vai a luz. SIN: velairiña, voaniña, voíña, xoaniña.
AVESÍO	Lugar con pouca luz ou con sombra. SIN: avesedo, sombrío, sombrizo.
AXIRICAR	Tirar auga cunha xiringa
AXÓ	Interxección empregada para espantar ou afalar.
AXOTAR	Facer fuxir un animal asustándoo con ruidos e acenos. SIN: escorrentar, espantar.
BANASTRA	Cesta grande e de pouca altura, feita con tiras de madeira entrelazadas para levar os ourizos. Como insulto é unha Persoa gorda que lle descolgan as carnes.
BARAFUNDEAR	Bourear, facer ruído, alborotar
BARAZO / BARAZA	Fita ou corda pequena e delgada para atar ou suxeitar algo. SIN: barazo, cinta, fit.
BARCAL	Recipiente onde beben as vacas
BARDA	Lousa que cobre unha colmea. No dicionario ven co significado de cerrume das propiedades, sebe de silvas, toxos ou broza que se pon sobre as paredes dos camiños. SIN: bardado, bardo
BARRELO	Berce, rolo ou cama para un neno pequeno que se abana sen esforzo.
BELAIRO	Palleiro
BELÉN	Co significado de follón. Vaia belén. (vaia lio)
BORRALLA	Residuo que queda despois dunha combustión completa. SIN: cinsa, cinza, babuña, babuxa, chuisca, orballo, poalla, zarzallo, remol, rescaldo.
BORROALLO	Lume que sae da borroeira (burrueira) ou cando se acumula moito fume. Vaia borroalloj
BORROEIRA / BURRUEIRA	Restos do monte destinados a ser queimados para aproveitar despois a súa cinsa como fertilizante. SIN: antola, borrea, tilla, tola, toleira
BRINGAS	Listas de madeira coas que se fan as cestas
BUFARADA	Cheiro forte e desagradable que se percibe de súpeto. Cantidade de aire que se expulsa ao bufar e que cheira. “Botou unha bufarada a allo”
CABOZA (GROBA/ENGROBA)	Lugar estreito e profundo que aparece nun terreo. Fosa que se afunde nun terreo.
CACHADA / CAHOADA	Azoute nas cachas. Golpe dado coa man ou con algún obxecto sobre as cachas.
CADEIXO	Palabra recollida co significado de: corda (longa) coa que se ataba os fungueiros do carro. No dicionario ven tamén como roldana ou polea que se emprega para subir pesos. Pau que vai introducido na parede dunha casa para tarmar das trabes. Pau que, paralelo ao eixe, atravesa por enriba do leito do carro para aseguralo cando se carga con moito peso.
CAÍNZO	Armazón que se coloca na cambota da lareira e serve para secar e afumar os chourizos e outros embutidos.
CALEXA	Espacio estreito por onde pasa a auga. Canle pola que sae a auga dunha fonte. Peza do muíño por onde baixa o millo desde a moega ata a moa.
CAMBELA	Arado do monte. Arado pequeno para abrir terras moi duras.
CAMBELO	Referido a un pau que está curvado, retorcido. Referido a unha persoa, que ten as pernas tortas.
CANDANGO/A	
CANTELO	Anaco dunha bola de pan SIN: codelo. Tamén se refire a pan feito con ovo e azucre (por extensión calquera outro regalo), que se adoita dar aos veciños que non asisten nin ao banquete nin á cerimonia relixiosa dunha voda. (Canterlo?)
CARAXICO	
CARPÍN / ESCARPÍN	Calcetín grosso de lá.
CARRELA	Recollida co significado de planta, (leitarega en castelán). No dicionario ven co significado de Conxunto de feixes de cereais que se van dispoñendo de forma horizontal nun lugar. SIN: meda. Tamén se refire a grupo de froitos unidos a un mesmo talo. SIN: acio, piña. CARRELO: parte do corpo oposta ao peito, lombo, costas. DE CARRELO: boca a baixo.
CAXIGA / CAXIGO	Unha vara con ramas. Abrocho que sae aos troncos das árbores que foron cortadas polo pe. SIN: retoño
CHAMBARIL	Pau que se emprega, na matanza, para pendurar o porco polas patas de atrás para que arrefría e para

	partilo.
CHAMBRA	Chaqueta
CHAMIZO	Construción cuberta de chamizo ou de palla. Tizón ou árbore pouco queimada polo lume. Veu das vacacións coma un chamizo (Veu moi moreno)
CHAMURRA	Leña miúda que se emprega para prender o lume SIN: chamiza, chamuza, fronza.
CHEDEIRO	Plataforma ou “chase” do carro destinado a soportar a carga SIN: sollado, solla.
CHINAR	Queimar
CHINEIRO	Armario, moble, lacena onde se garda a louza e outros utensilios da cociña e do servizo da mesa.
CHIRLO	Leite estropeado. Na zona de Navia empregase como sinónimo XIBRÓN, XIRIÓN
CHOER	Meter o gando na corte. Pechar algo. SIN: fechar, zarrar,
CHOFRE	Embutido elaborado coa tripa gorda, as vísceras e restos de carne do porco. SIN: chanfaino, chourizos de corada
CHUFAR	Eloxiar, gabar, falar ben de algo ou de alguén ou presumir dun mesmo.
CHUFÓN	Persoa que fal moi ben de algo, de alguén, ou de si mesmo. Persoa que media no arranxo de matrimonios.
CHUMAZO	Recollemos esta palabra co significado de mollado, húmedo e de borracheira. No dicionario ven cos seguintes significados: Especie de saco cheo de calquera material mol para descansar a cabeza. SIN: almofada Peza de madeira, colocada na parte de abaixo do carro, entre a que se encaixa o eixe. SIN: chanteira
CHURUME / CHORUME	Salsa que soltan os chourizos. Líquido que expulsa a carne crúa ao cociñala. SIN: prebe, salsa, mollo
CISCA / CISQUEIRA	Enfermidade dos animais que provoca unha forte diarrea
COCHOSA	Paxaro, merlo común
COFAR	Acariciar ou rascar suavemente a pel dunha persoa ou dun animal. COFARSE:Rascar algunha parte do corpo coa man, cunha pata ou contra algunha cousa a causa do pruído. SIN: cofear, arreluar, cofear, cozar, fregar, fretar, cofear, cozar, rañar, rascar, refregar, cofearse, cozarse, rañarse, refregarse
CÓMARO	Pequena elevación do terreo de pouca extensión. Banda de terra sen cultivar que bordea unha veiga.
CORNELA	Ovella sen cornos
CÓRRAGOS	
CORRIZA	Rodela, trapo
COSCO	Parazas dos cereais
COTOMELO / COTRAMELOS	
COUCILLOIS	Reforzos de debaixo do carro
COVACHA	Concavidade da caluga.
COZCAR	Cando non se está cómodo estar mal a gusto o movemento que se fai. “non fais mais que cozcarte”
COZQUILLOSO	Persoa mui presumida ou que se cozca.
CRABUÑAR	Crabuñar a gadaña
CUITO	Conxunto de diversas materias orgánicas, como excrementos animais ou vexetais e algas en descomposición, que se empregan para fertilizar a terra. SIN: Esterco
CUNQUEIRO	Lacena para os pratos, cuncas
CUTIAR	Estender o esterco
CUZA	Cadela, femia do can
DACACHAPERNA	Ir ao cabalo da cacha perna. Montar ao cabalo cunha perna a cada lado.
DECOTE	Por costume, con frecuencia
DELOUZAR	Facer travesuras, divertirse
DERREAR	Cansar un traballo en exceso. Mancar a alguén nas costas. Estar derreado. Estar cansado polo traballo. SIN: SIN: derrancar, escangallar, escangallarse.
DERREGAR	Estremar, deslindar, establecer os límites dunha finca

DESINGRIR	Quitar a graxa das tripas pola matanza
DESLEGAR	Que é moi “ <i>largo</i> ” traballando, que en pouco tempo fai moito traballo
DESTELO	Castaña que se solta do castiñeiro, castaña que se desprende do ourizo. SIN: baguto, debaga, degaro, restrelo
DEVADOIRAS	Feramenta coa que se facían novelos de la
DEXOSO	Sucio
DEXOVAR	Ensuciar.
DOELA /DUELA	Recheo ou preparado para facer algunha comida. ?
DUVIEIRA	
DÚXARA	
DUXARADA	
EMBELGA	Marcas que se fan na terra para poder guiarse na sementeira.Parte en que se divide un terreo para ser sementado. SIN: aleira
EMPAVELAR	
ENCHUMAZARSE	Emborracharse
ENFURCAR	Facer unha restra con cebolas, allos,... SIN: enrestrar, encabar
ENLORDIAR / ENLURDIAR	Luxar, luxarse, ensuciar algo ou a alguén
ENRELLARSE	Meterse as vacas na rella do arado. Poñer a rella no arado.
ENTRETALLO	
ÉRBEDO	Arbusto perenne, da familia das ericáceas, que presenta o tronco curto coa cortiza con fendas, follas alternas co bordo serrado, con dentes vermello no seu extremo, flores verdosas dispostas en panículas pendurantes e froitos globosos de cor vermella e polpa comestible e numerosas sementes. En castelán madroño
ERVELLO	Chícharo, guisante
ESBABALLAR	Segregar baba, babarse
ESBASTROXAR	Salpicar con algún líquido, especialmente con auga. Chapuzar na auga.. SIN. esbatuxar, salpicar chapinar, chapuzar, zarrapicar, chapinar, salpicar, zarrapicar.
ESBILAR	Limpar toda a carne a un óso. Quitar a pel interior ás castañas. SIN: esburgar
ESBULASTRARSE	Esbuleirarse.
ESBULEIRARSE	Burla que se dí cando unha persoa se cansa ou non ten ganas de traballar r
ESCAMPUZAR	Para de chover, escampar, esteñar, estear
ESCARAVELLAR	Furgar na terra. Fedellar nalgunha cousa ou nalgún asunto. SIN.. escallar, escarvar, escarvar, escavichar, furgar, esburacar, esfuracar, fura
ESCARPUZAR	Nevar pouco
ESLIMAR	Esvarar no limo ou na lama
ESLINGA	Cinta para atar as cargas
ESMARANFAÑAR	Desfacer algo especialmente un trapo.
ESMOCHADO	Que está sen punta
ESMUCHICAR	
ESPALLADOIRA	Aparello para traballar no campo. Tipo de forquita que se emprega para realizar labores agrícolas, como espallar o gran. Pau de pequeno tamaño que se emprega para remexer a comida
ESPARANGALLAR	Tirar por todos lados cousas e deixar todo desordenado. SIN: ciscar, escagallar, esparexer
ESPARRIÑAR	Estender algo
ESPARRIXIR	Estender
ESPIEIRA / ESPETEIRA	Lacena para as culleres. Estante colocado na parede ou moble de cociña sen portas, provisto de espetos onde se penduran utensilios de cociña. Tamén se pode referir ao peito dunha, especialmente cando é moi voluminoso.
ESPURRIAR / ESPURRAR	Lanzar pulverizado o que se ten na boca, especialmente un líquido.
ESTACAR	Prender o cabalo
ESTAR DE PÁNDEGA	Estar de pola vila, estar de xolda

ESTAXE	
ESTEÑAR / ESTEAR	Abeirarse cando chove
ESTORROAR	Quitar ou desfacer os torróns dunha horta
ESTOXAR	Anoxar, aborrecer, cansarse de algo.
ESTRAFELAR	Tirar algo contra o chan. Estrafelarse caer de fuciños
ESTRELAMPAR	Cando para de chover
ESTRELOXIO / ESTROLOXIO	Persoa que está no medio estorbando ou incordiando. Es un estreloxio, sempre estás no medio.
ESTREMUNDAR	Perder algo
FACHA	Mañuzo de palla á que se prendía lume para alumar
FACHINELO	Venta pequena
FANA	Froita
FANOCA	Insulto
FAQUILÓN	Persoa moi fraca.
FARAGATOS	Anacos desfeitos de alimentos
FARRAPA	
FOCHANCA	Furado, bache
FONECA	Onde se botan as castañas
FORCADELA	Insecto tamén coñecida como cadela de frade. En castelán tijereta
FORMENTO	Lévedo que se lle bota o pan.
FUNGAR	Botar con forzo o aire polo nariz. Limpar os mocos do nariz dando unha expiración forte. SIN: bufar, narnexar, zoar, zumbar, moumear, refungar, roñar, rosmar, asoar, asoarse
FURGAR	Remexer na terra de forma superficial. Revolver algunha cousa deixando todo desordenado SIN: escaravellar, escarvar, fedellar, fochicar, fozar, mexer, remexer, escaravellar, escarvar, escavichar, fozar
FUSTE / FUSTRAS	Pinzas ou tenaces feitas cun pau dobrado para coller os ourizos das castañas
GABITA	Cadea ca que se engancha o carro a un par de vacas ou bois.
GABITA	Pau longo de madeira que leva un gancho nun extremo, e que se emprega para xunguir os bois á grade ou a unha xunta de apoio. cambón, soliño.
GABITAR	Andar a parella de vacas ou bois diante da que tire do carro
GALBANA	Falta de ganas, interese ou vontade para realizar unha actividade ou traballo que requira algún esforzo. SIN: desidia, doca, nugalla, preguiza, vagancia
GALLETA	Instrumento agrícola formado por un mango, xeralmente de madeira, con tres ou máis puntas ou gallas de ferro e que serve, entre outras cousas, para coller esterco. SIN: Forcada, forquita, aparello
GAMUZO	Póla de uz que servía para alumear
GANSEIRAS	Lugar onde se gardaban cousas e estaba encima do lume de arrastro.
GANZOS	Garabullos de uz que se empregaban para alumar
GARABATO	Forquita cos gallos curvados
GARABULLO	Pau pequeno
GARDULLEIRO	Espazo que hai entre un rego e un ribado
GARFELO	Cullerón
GARMALLEIRA / GRAMALLEIRA	Cadea de ferro que colga do teito da lareira e que conta cun gancho no extremo inferior para pendurar as potas ou outros utensilios metálicos que se poñen ao lume para facer, sobre todo, a comida.
GONZO	Lugar onde se ataba o relo. B isagra
GOXA	Cesta
GUIXO	Troita pequena de entre 13 e 15 centímetros aproximadamente
GULPILLEIRA	
ILLÓS	Terreo moi húmido. Orificio para meter os amallos
INVESTRAS	Placenta da vaca
LAMBECRICAS	Can pequeno

LANFREAR	Roubar.
LANXIR	cando os cans ladran con medo.
LARICA	Fame
LAVADURAS	Eslavas, restos de comida para os cochos
LELDAR	Acción de repousar o pan.
LEVAR DE RAMAL	Levar por unha corda
LIZQUENTE	Morno, que non está nin frío nin quente
LORA / LORÁN-LORANA	Preguiceiro, nugallán, lacazán, persoa que non se arrima ao traballo.
LORDA	Capa de suciedade que se forma sobre o corpo
LORO	Corda que suxeita dúas pezas do carro chamadas arcoxo e xugo. Peza que une o cabezallo e o xugo
LUNDRIDO	Que esta gordo e lle loce a pel.
LURIA	Adival, Trelo, Liame para atar os carros
LURIÓN	Rata grande
MACHINAL	Furados pequenos das casas de pedra que estaban normalmente nas cuadras ou bodegas. SIN: fachineiro
MADEIXAS	Novelo
MALERA	Ogallá, quen vos dera
MANGUELO	Insulto, pillabán, folgazán
MANOCHA	Pistroxo.
MANTELAS	Insulto, folgazán
MANXOEIRA	Manxedoira, Sitio onde comen as vacas
MARAÑOIS	Especie de raquetas que se poñen nos pés para andar na neve
MARRANCHO	Porco, marrao
MARROTO	Montón de mollos
MAZALEITE	
MAZOLAS	Insulto, persoa que non vale para nada.
MEGUÍN	Cesto en Donís
MILIXA	Delgada
MINAR	Cando a vaca berra pola cría
MINCALLO	Manoxo de palla
MISCAR	Comer entre comidas. SIN: petiscar, lambiscar
MIXO	Gato
MOCHA	Vaca, cabra sen cornos
MOLLO	Prebe. Mañuzo, brazado de cereais
MONDONGO	Sinónimo de caízo
MOSCAR	Cando as vacas lle pican as moscas e se botan a correr
MOUCAR	Cortar a punta dunha árbore
MOURADEGO	Herdeiro ou dono da casa.
MULIDA	Peza de coiro que vai entre o xugo e a cabeza do boi
MURAR	
MUXEGA	Caixa de madeira con forma de pirámide invertida pola que cae o gran ata a roda do muíño. SIN: moega
NOADA	Cando trona e chove varios días seguidos
NUBELO	Pedazo de la
ÓDEGA	Paíasada, tontería
ORELLEIRAS	Parte do arado para separar a terra do rego
OSMAR / OSMIAR	Espiar, espreitar, levar a cabo averiguacións indiscretas sobre o que outra persoa fai ou pensa. Rastrexar olfateando, abesullar, andar á espreita.

OSMON / OSMIÓN	Que osma ou mira con curiosidade excesiva. SIN: abesullón, escudriñador, atusmón, mirón.
PALEIRA	Lugar onde se agacha a raposa. Casa vella e caendo.
PANEIRA	Artesa
PANEIRA (COVA)	
PAPAS	Comida que se fai con leite é engádeselle trigo,millo ou arroz.
PARAFUSA	Instrumento para torcer a la
PARAXISMAS	Visións, ver cousas que non existen
PARAZAS	Pel das patacas
PAXARELA	Bazo do cocho. Páncreas
PELEIRA	Doenza leve. Peleirada, andazo leve, epidemia de pouca importancia que se espalla nalgures.
PENEIRA	Utensilio circular, xeralmente de madeira, que está formado por unha tea, fío metálico ou chapa perforada, de buratos máis ou menos grandes, que serve para separar as partículas de diferente tamaño de fariña, xeso, etc. SIN: baruto, bortel, criba, cribo.
PENEQUE	Borracho
PERRALLEIRA	Obxecto ou cousa de pouco valor
PÉRTEGAS	Parte do carro
PESELO	Cesta grande empregada para apañar as castañas
PEXAMUIÑAS	
PICAÑA	Ferramenta para sachar
PIEGA	Taco ou pedazo de madeira que se coloca nunha perna do cabalo para que non poida escapar. SIN: péga, pexa, l péga, pexa, solta, trava.
FIGUREIRO	Embutido feito no cego do cocho recheo de butelo
PILEIRA	Cando os xatos maman moito leite
PINOUGO	Persoa tola.
PINUXAR	
PIQUEIRO	Mollado
PISTROXO	Persoa tola.
PIXQUEIRA	
PIZPIÑEIRO	Traveseiro entre as dúas orelleiras do arado
POBISO	Cando hai pouca neve
POMBEAR	Adormecer lixeiramente sentado, movendo a cabeza cara adiante. SIN: toquear, cotelear, topenear.
POSTIGO	Parte de arriba dunha porta
POVIZO	Partícula pequena de po que se mete nun ollo ou noutro sitio.
PREGO	O se mete no xugo
PRESOIRA	O presoiro é a substancia que serve para callar o leite
PROUÑA	Corpo frutífero e leñoso dalgunhas plantas, como o endocarpo de froitas do tipo do pexego. SIN: caguña, caroa, coia, croia, garouba, gouña, pedra.
PULBA	Ventisca
PULEIRO / POLEIRO	Lugar onde durmen as pitas.
PUXABARTE/ PUXABANTE	Para amañar os cascos aos burros,etc
PUXAS	Xestas para acender o lume
QUEBRADOIRO	Lugar onde se separaban as augas para as presas dos prados
RABELO	Sen rabo
RABÓN	Can sen rabo
RAMAL	Corda para levar o cabalo
RANQUEIRO	Alargadeira que se lle puña ao carro
REATA	Corda para atar a carga ao cabalo

REDROLLO	Persoa mais nova dunha familia ou animal mais gordo do rebaño obre todo nas ovelas.
RELLA	Ferro da punta do arado
RELLO	Corda que serve ara atar a carga que leva o carro.
RELUSTRO	Resplandor intenso que se produce por unha descarga eléctrica nas nubes. SIN: alustro, apago, relampo, lustro.
REMILISTRAR	Cando os animais enseñan os dentes, desafiantes.
REMOLE	Cinsa e brasas que quedan ao irse apagando o lume dunha cociña.
REPAÑA	Utensilio para apañar a herba, angazo, rastrillo
REPAÑAR	Angazar a herba
RESPIGO / RESPIGÓN	Pel que se levanta arredor das unllas das mans. Respigón: inflamación purulenta que se produce na man xunto ás unllas ao chantarse unha estela
RESTREBAR	Apañar as herbas cun angazo ou orca.
RIPIAR	
RIXO	Meco, vicio
ROCA	Aparello para envolver a la antes de enfiala
RODAL	Para sacar as brasas do forno
RODELA	Anaco de tea ou herba de forma redondeada que se coloca na cabeza para levar un peso. Trapo usado para limpar. SIN: corra, correla, mulida, rolla
RONCALLO	Que lle falta un testículo
RUBIAIS	Nubes vermellas que se forman ao lusco-fusco
SOGA	Serve para xoncer as vacas
SOLAO / SOLLÍO	Lugar onde dá moito o sol
SOLLAR	Cubrir o piso de madeira, lastras ou doutro material.
SOLTA	Aparello que se lle poñía aos cabalos e as bestas para que non correran e escapasen.
SURRULLAR	Estercar
SUTARREGA	Ave que aniña debaixo das pedras ou no chan.
TACHO	Tina do vertedeiro
TALAS	Tenaces de madeira para coller os ourizos
TAOLLA	Táboa móbil que se usa para acceder ao hórreo
TEGO	Medida de capacidade e medida de superficie
TEIROA	Parte do arado que une o ferro ao temón
TENTEMOZO	Pau ou pé de madeira que aguanta o carro cando esta solto dos animais para que non caia ao chan.
TESARELO	Monte, outeiro, teso pequeno
TIRIÑÓN	Que ten moito medo
TOLA	Morea de terróns e maleza que se queima para empregala como fertilizante. SIN: borralleira, borrea, tilla, tilleiro, toleira.
TOLLOLO	Para partir a leña
TORNAMARRÓN	Mandil, delantal (en Navia)
TRADE	Viga
TREITOURAS	O que suxeita o eixo do carro. Recollemolo como insulto co significado de delgado.
TREMPAR	Poñerse o tempo ou outra cousa templada, morna. Deixa trempar o leite
TREMPEIRO	Humidade na terra
TRINQUE	Igual que a gavita pero de ferro. Cadea con dous ganchos
TULIBÁN	Insulto, persoa non moi espabilada, que anda mal amañada, ou que fai as cousas de calquera xeito
TUÑA	Lugar onde se bota a grá.
TURRIEIRA	Pedra que había encima das portas dos fornos de pedra.
TURRULLÓN	Graxa dos cochos

TUXA	Vaca vella
URDIDOIRAS	Obxecto no que se tecian colchas.
URDIR	Tecer nas urdidoiras ou pensar unha travesura. Que taras urdindo.
URIZEIRA / OURICEIRA	Lugar onde se botan os ourizos. SIN: corriza, corripa
VIANDA	Recollemola co significado de comida para os cochos ou outro gando. Tamén pode ser comida destinada ás persoas.
VIDALLA	Parte lateral da cabeza que se atopa entre as cellas e as orellas, correspondendo co óso parietal. SIN:tempa, sen
VINCALLO	Ligadura feita de xestas que serve para atar feixes de monte ou herba ou para amarra algo. SIN:vencello, vencia.
VIORTO	Xesta retorta que serve para atar un feixe. Atadura que se fai con palla ou cunha rama verde retorta que se usa para amarrar feixes ou calquera outra cousa.
VOLEAR	Marchar para algún sitio . Vai volear por aí.
XANZÁ	Planta en castelán agenciana
XARDESCO	Persoa brava, brusca e insociable. SIN: xaroto.
XATO	Cria da vaca. SIN: becerro, cuxo
XEBRAR	Separar unha persoa, animal ou cousa doutra ou doutras, poñéndoas á parte.
XIBRÓN, XIRIÓN	Leite xibron, leite estropeado
XIMBRAS	Cimbras - Cana
XIRELO / XIRIBELO	Delgado
XONCER	Amarrar ao xugo unha parella de animais para enganchalos ao carro ou ao arado. Xuncir.
XOUREAR	Festexar
ZALAPASTRÁN	Persoa puco curiosa.
ZAMARRA	Chaqueta
ZOLDRA	Lama, barro